


Fragmentos  
e comentários  
do diário íntimo  
de Cristina F

POR  
ARBUSTO









Fragmentos  
e comentarios  
do diario íntimo  
de Cristina F

\*\*\*\*

ARBUSTO

Cristina F,  
Estaleiro Editora, 2012

Asociación Cultural Estaleiro  
estaleiroeditora@gmail.com  
www.estaleiroeditora.org

Revisión e corrección  
Miguel Mosqueira

Deseño e maquetación  
Nadina B. S.

Imprime  
Sacauntos

Depósito Legal: C-1064-2012



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións.



**Autoría e atribución:** Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor e da editora.



**Compartir baixo a mesma licenza:** Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



**Non comercial:** Non pode empregarse este traballo con fins comerciais







*sabes, Tristán, de que cor son as gotas da choiva?  
... da cor da auga.*

CRISTINA F

*A resposta está na inExitencia.*

GEORGINA SMITH

*Sospeito que non lle cadro ás contas*

BALBINA SILVEIRA



## **AGRADECEMENTOS:**

A quen apostou por el. A quen o apoiou.  
A quen o está lendo. A quen co caderno  
por sempre quedou. Bicos inmensos dende  
o recuncho máis íntimo do corazón.



## INTRODUCCIÓN:

Estes *Fragments e Comentarios* forman parte dun caderno de verán. Concretamente do verán do ano 2000EXACHOVEU. Foron escritos en castelán, lingua dende a cal, daquela, a autora pensaba, mais, a petición dela mesma, desaconséllase, a petición da propia autora, a tradución ao castelán agás que esta sexa feita en castelán antigo, teña lugar en Salamanca, e non saia das lindes do seu territorio. O diario de Cristina F xamais existiu.



*Á soneca no alzado.*

O CADERNO

*Á raiola a carón do Turbón.*

CRISTINA F


*A Cristina F con amor.*

ARBUSTO





compostela



Sempre que acompaño a alguén á porta da súa casa, á porta do seu lugar de traballo. Á porta de ... en fin, a unha porta, teño a terríbel sensación de deixar a esa persoa alí depositada. Procuero, entón, ao me afastar, non facer ruído para non escoitar sequera os meus pasos.

Oílos é lembrar o sepulcral silencio que o “clac” da porta impón e que eu rompo a cada paso.

Onte acompañei a M e, unha vez máis, sentinme culpábel ...Non o podo evitar.

\*\*\*\*\*

Posibelmente Deus fose un científico  
afeccionado á arte.

\*\*\*\*\*

Desde que a miña cadela soubo que tamén ela  
tiña alma está estraña ... moi estraña.  
... ... Para que porra lle diría eu nada!

\*\*\*\*\*

Consello. Cando durmas con alguén,  
pregúntalle antes cal é o seu sexo ... Non vaia  
ser un anxo.

\*\*\*\*\*

Dalgún xeito Oscar Wilde tamén dixo  
“amádevos os uns aos outros como eu vos  
amei” ... Jane Bowles supoño que non, e iso é  
de agradecer.


\*\*\*\*\*

Xesucristo convidaba a todo o mundo á casa  
de seu pai ... e morreu preguntándose por que  
aquel decidira abandonalo!

\*\*\*\*\*

Que ironía para Ramón Sampedro saber que no  
seu apelido está a entrada ao Reino dos Ceos.

\*\*\*\*\*



Os clons son seres feitos á imaxe e semellanza  
doutros ... Curioso.

\*\*\*\*\*

Onte tiven un soño: nun futuro heime  
estomballar a perna solta.

\*\*\*\*\*

Lavándolle o cerebro, limpáronlle a cabeza.

\*\*\*\*\*

Onte, cando cheguei á casa, atopeime a Croca tirada no chan. Apenas movía o rabo. Víase triste. Non insistín e marchei á cociña.

Despois souben, para a miña desesperación, que estivo a correr detrás das ovellas para lles contar o da alma e o da Nova Irmá, mais aquelas, sen querer escoitala, escaparon. E ela voltou á casa.

\*\*\*\*\*

Talvez sexa a INDECISIÓN, como calidade propia, a que obriga o camaleón mudar continuamente de cor.


\*\*\*\*\*

## REVELACIÓNS

Revelación Primeira. Ao escoitar, a iso dos sete anos, que “estando no deserto, Xesucristo alimentábase unicamente de lagostas”, comecei a desconfiar. Mais axiña souben que había máis dun tipo de animal clasificado baixo ese nome e a miña fe viuse recuperada por un tempo ...breve, moi breve, pois non demorei en comprender que os santos non os nomeaba Deus, senón os homes (?) e cobreí confianza en min mesma ao atopar unha nova premisa como punto de partida. Aínda así, seguín temendo polas noites ser unha das elixidas e que a Virxe tivese a ben aparecérseme na leira da miña avoa ... na devesa, ao fondo, a carón da xunqueira.

Revelación Segunda. A muller aseguraba que fora trasladada a outro planeta. Ninguén parecía crela. Eu, tampouco. Mais, ao ver a tristeza reflectida no seu rostro, susurreille: “Tranquila, acaso non é o Papa o representante de Deus na Terra?”.





Logo aloumiñei a súa meixela cun bico e , en certo modo, creo, sentiuse reconfortada.

Revelación Terceira. Visitei no hospital a T. Semellaba ido. Supoño que había ser a consecuencia do tratamento.

Quixen consolar-me pensando que tamén Xesucristo e mais os profetas ouvían voces, pero non me confortei.

Un paxaro cantaba ao lonxe. Talvez entre unhas árbores. Non se vía nin o paxaro nin a árbore. Sentín medo e distraín-me, de novo, pensando en quen, dalgún xeito, chegaran a tocar .... o Poder.

\*\*\*\*\*

Nada me gusta máis que o son dos meus  
zapatos de claqué desafinados.

\*\*\*\*\*

Dama de compañía? ... .. sen dúbida ningunha.

\*\*\*\*\*

Pobre Croca. Xa non está entre nós. Pobre  
Croca. *Poor, poor, poor*. Malditas ovellas e pobre  
Croca.

\*\*\*\*\*

Tocar a dor coas mans e saber que ti mesma  
ficas curada.


\*\*\*\*\*

Da miña casa dos osiños na procura de mel  
saíron/*Where have all the flowers gone?*/ Á miña  
casa ningún dos dous volveu. (poema dedicado  
á miña infancia).

\*\*\*\*\*

Na miña casa vive un ananiño que acostuma a  
meterme o pito no embigo. (poema dedicado á  
infancia do meu fillo).

\*\*\*\*\*



A vela é un deporte moi bonito.

\*\*\*\*\*

Hai unha mosca na casa tan prosma como o morto da película.

\*\*\*\*\*

O método lanar, vulgarmente coñecido como reconto de ovellas para conciliar o sono, ten un clarísimo ton kantiano.

\*\*\*\*\*

Alzo a copa. A través do vidro o sabor do mar mestúrase coa cor do viño. Un barco afunde ao lonxe. Ao meu arredor todo son espectros. O único ausente é o meu pai. O meu pai, morto. O meu pai, hai tempo morto. O meu pai, por fin morto. Só vivo na memoria, no aire e nos soños. Falándonos da súa enfermidade coma quen fala do tempo, do traballo ou dun paseo.

\*\*\*\*\*

Térmites e couzas traballan afanosamente na construción da Nada.

\*\*\*\*\*

De que rirán tanto as hienas?

\*\*\*\*\*

O corvo peteiraba o poste do teléfono e, unha vez máis, abstívenme.

\*\*\*\*\*


O crocodilo tiña media ameixa na boca. O resto estaba esmagado entre dous libros sobre a mesa. Todo estaba feito unha merda. Botei a chorar e pensei que o mellor sería recollelo todo e meterme o crocodilo na vaxina.

\*\*\*\*\*

As moscas non cesaban de dar voltas ao meu redor, e o sombreiro azul, ao borde do precipicio, veume unha vez máis á memoria.

\*\*\*\*\*





Ninguén vai impedir que me sinta así/  
Ninguén vai impedir que goce da dor que  
supón este momento/ Ninguén vai impedir  
que permaneza aquí sentada/ Coa boca  
ben pechada/ E o terror a devorarme por  
dentro. (poema orixinal en inglés non escrito.  
Tradución simultánea).

\*\*\*\*\*

Meterse nun traxe de noiva. Iso si que é un  
acto de autosadismo intenso.

\*\*\*\*\*

Ás veces a miña nai pensa que son a súa filla.

\*\*\*\*\*

O caracol do xardín lémbreme a min .... noutro tempo.

\*\*\*\*\*

Cando por fin sacamos o polo do forno, o cadáver semellaba unha perruca.

\*\*\*\*\*

Mandarse unha a si mesma algunha vez á merda é un exercicio moi san, sobre todo se quen o fai acostuma a comer iogures con bífidos activos.


\*\*\*\*\*

Acostumeime a pensar (non por galbana, senón por decisión propia) que non sei se o tempo existe. Cada segundo ten a infinitude da totalidade de segundos, pero aquela é máis importante. Non aspiro a chegar. E se chego —se a algures se chega—, dificilmente vou conseguir diferencialo. O que está ao meu carón é o que teño. Pero téñoocomigo. Non para min. *That is all.*

\*\*\*\*\*

Finalmente o libro servíume como punto de apoio para escribir unha carta.

\*\*\*\*\*



a resposta está no punto de partida. Mira ....  
mira .... deixémolo estar.

\*\*\*\*\*

As letras e as palabras anulan todas as miñas  
proposicións.

\*\*\*\*\*

As boas amizades rematan ás veces na cama.

\*\*\*\*\*

## MONOLOGUEANDO

\*\*\*\*\*

Canta seguridade social dá un sombreiro?

\*\*\*\*\*

Reflectirte nunha poza de auga e imaxinar que  
te bebes.

\*\*\*\*\*

Solidarias, CADELAS e LOBAS prestábanlle o seu nome a animais doutra raza.

\*\*\*\*\*


O horror da sala de partos non sempre trae a felicidade.

\*\*\*\*\*

Ámate a ti mesmo como a túa próxima.

\*\*\*\*\*





Nin tan sequera curiosidade morbosa por  
quen, en troques de xenes, teñen xenios.

\*\*\*\*\*

... cambio dun estado físico a outro,  
especialmente doloroso para quen queda.

\*\*\*\*\*

Por favor, Terra ...TRÁGAOS.

\*\*\*\*\*

Bebe que dá gusto!

\*\*\*\*\*

Entre os meus pés e o chan existe unha  
atracción irresistible.

\*\*\*\*\*

Da gorxa á lingua. Da lingua á gravata. Da  
gravata á polla. Da polla ao chan ...*C'est la vie.*

\*\*\*\*\*

Sabéndome obrigada a estar presente, rexeitei  
o convite do coitelo.


\*\*\*\*\*

Domesticar o pulo que habita na túa cona.

\*\*\*\*\*

Nada terá que ver a viaxe de hoxe coa de  
mañá, aínda cando ningunha delas sexa a  
definitiva.

\*\*\*\*\*



Estaba chiripitigui non pensar máis que no  
tubo enrolado á mochila.

\*\*\*\*\*

NADA é o que parece.

\*\*\*\*\*

Apenas me fixo falta desvelarme para  
desperdiciar a oportunidade que me brindaba  
a noite de gozar na súa plenitude do  
arrepentimento.

\*\*\*\*\*

É a derradeira vez que retiro a miña dignidade  
do chan.

\*\*\*\*\*

Pensar a dor dende a propia ferida que queres  
que doia.

\*\*\*\*\*

espertar a lucidez de cada quen, a súa propia,  
levándolle a frase á punta da lingua. Espertala,  
facéndoa tan súa como de quen a escribe, a  
pensa, a sente ou a mexa.

\*\*\*\*\*

Onte tiven un soño: o futuro vese moi negro.

\*\*\*\*\*


Coas palabras non se xoga. A súa escravitude é sagrada.

\*\*\*\*\*

Os meus erros que os corrixa TURURÚ.

\*\*\*\*\*





a túa intimidade ao alcance de todos os  
petos....“quizais ....quizais ....quizais”.

\*\*\*\*\*

Hai quen leva a xenerosidade escrita na palma  
da man.

\*\*\*\*\*

Recoñecendo en min o espírito da súa avoa  
mantivemos unha longa conversa mentres ela  
pacía.

\*\*\*\*\*

A paisaxe, non sei. Pero as máis de mil pezas  
que compuñan o quebracabezas convidábante,  
con toda sinceridade, a viaxares a outros  
mundos.

\*\*\*\*\*

As mans chéiranme ao cu do meu principiño.

\*\*\*\*\*

Atormentares ti mesma á dor. Atormentala e  
pasearte TI a TI mesma entre os TEUS dentes  
mentres a propia dor se sangra ... mentres a  
propia dor se doe.

\*\*\*\*\*

O que ten de masculino o coño, teno de  
feminino a polla.


\*\*\*\*\*

Non foi precisamente o orgullo o que impediu  
á lesma suplicar pola súa vida mentres se  
retorcía, empalada, na lata de sardiñas.

\*\*\*\*\*

PERDÓN .... .... (a quen proceda).

\*\*\*\*\*



Falábanos da súa infancia coma se todo, até o pracer, fose un tormento.

\*\*\*\*\*

Tiña a cabeza tan noutras cousas que, mentres as chamaba para xantarmos xuntas, encarguei un bocadillo ao camareiro.

\*\*\*\*\*

A abella traíame unha mensaxe da miña queridísima nai: “... como sigas bebendo .... pícote!”.

Soltei a botella e continuei correndo.

\*\*\*\*\*

Cheguei tarde. E unha vez máis abandonei as bragas na papeleira do cuarto de baño.

\*\*\*\*\*

O xogo das crianzas viuse interrompido cando a avoa dixo: “Lauriññña, non o sigas a tocar”.

\*\*\*\*\*

Sabendo do poder dos seus soños para revelar segredos de futuras defuncións desexei, con todas as miñas ganas, que na súa axenda anotara o seu propio número de teléfono.

\*\*\*\*\*


Un cordón no embigo implica, cando menos,  
un bo par de zapatos.

\*\*\*\*\*

pensar ... pensar que pensas ... pensar que  
pensas que te pensas ... pensar que pensas  
que te estás pensando ... pensar ... pensar que  
pensas ... pensar que pensas que te pensas  
... pensar que pensas que te estás pensando  
... pensar ... pensar que pensas ... pensar que  
pensas que te BANG! ... pensar que pensas que  
te BANG BANG BANG BANG! ... BANG!

\*\*\*\*\*





Abrín o libro tratando de evitar as malas  
compañías e as súas palabras devolvéronme a  
quen, nese momento, lía.

\*\*\*\*\*

O meu principio ve lúas até nas pedras.

\*\*\*\*\*

Volveres ti mesma tola á propia tolemia  
improvisando actos que nin ela mesma  
comprenda.

\*\*\*\*\*

Un exemplo é un exemplo. Non unha guía de comportamento. Exemplo nº 1 ... PUAGGGG.

\*\*\*\*\*

Vendo as árbores enfrontadas pola devesa,  
collemos outro vieiro.

\*\*\*\*\*

Perseguirse unha a si mesma cun caderno na  
man sen se deixar escapar.

\*\*\*\*\*

Os catro xinetes da apocalipse eran dúas damas entradas en anos e en carnes e dous cabaleiros calvos, barrigudos e sen bigote.


\*\*\*\*\*

Poñerte ti na boca do verdugo: ser ti quen mata, quen flaxela, quen aldraxa. Poñerte e deitarte sabendo que posibelmente ao día seguinte vas repasar estas ou outras cousas.

\*\*\*\*\*

A zona de acampamento libre non tiña a numeración correcta.

\*\*\*\*\*



As súas sentenzas son ordes para min.

\*\*\*\*\*

Conseguir que o mundo se acostume aos teus pés.

\*\*\*\*\*

... e na sala de Bingo alguén berrou EUREKA!

\*\*\*\*\*

Por fin chegamos a Bilbao, berce incuestionábel  
das miñas masturbacións.

\*\*\*\*\*

o meu anoxo... o meu anoxo... o meu anoxo...  
ramallazo estúpido de ter que chegar a algures.

\*\*\*\*\*

NADA me fixo sospeitar que todo me remitiría  
a ela.

\*\*\*\*\*

Só cando saímos do túnel puiden comprender que a escuridade case absoluta non se debía a un fallo das luces do coche, senón ás lentes de sol que cubrían os meus ollos.

\*\*\*\*\*


A inxección impediú ao can compartir a agonía de quen durante anos compartiu con el a casa, os paseos e, ás veces, até a cama.

\*\*\*\*\*

A preguiza era tan absoluta ... ..

\*\*\*\*\*





Os ourizos de mar fosilizados, atopados a máis de 2000 metros de altura —excursión non planeada— falábanos do noso futuro, ademais de facelo acerca do presente e do pasado. Non quixemos escoitar unha palabra e soltámoslos.

\*\*\*\*\*

O pracer de escribíreste a ti mesma postais cando estás fóra. A ilusión de recibilas sabendo que non che chega o tempo para contemplares o mar.

\*\*\*\*\*

*I love me. You love you.*

\*\*\*\*\*

“En todas as cidadelas había un ser-muller namorada de si mesma por non poder ver a outras desde a torre”. (vella canción de orixe descoñecida, traída a min polas sereas a través dunha botella).

\*\*\*\*\*

Son a miña propia “coelliña de indias”. A repetir cen veces.

\*\*\*\*\*

Cantas vidas xuntas precisas para saber o que queres?


\*\*\*\*\*

Aquí todas estamos de vacacións excepto as picarolas. Elas aínda seguen a se duchar.

\*\*\*\*\*

Que orgullosa está a miña amiga Jessica do primeiro roubo da súa filla Emilia. En Imaginarium. Un auténtico guepardo.

\*\*\*\*\*



Tristán cubriu de terra a Peter Pan e despois  
—coa miña axuda , a petición súa- chantoulle  
un pau enriba. Contoume que Peter estaba a  
dormir.

\*\*\*\*\*

E Deus mandou unha serpe para que Jessica  
non se bañase espida no río, a carón do  
restaurante.

\*\*\*\*\*

Ouvir voces. Saber que non falan de ti. Mais  
pensalo.

\*\*\*\*\*

Tristán apertouse a min. Encheume de bicos. E díxome: “Mamá, quérote moito”.

Eu aperteime a el. Enchino de bicos. E díxenlle: “e eu a ti ... con loucura”.

Entón apartouse e engadiu: “Non. Con loucura non”.

... Quen sabe.

\*\*\*\*\*

Non poder deixar de pensar, roubando enerxía até aos teus propios soños. Metéreste neles e saber que, mentres pensas, estás durmindo.

\*\*\*\*\*

O medo. E polo mesmo medo, a necesidades de contactar con alguén que se atope no punto cara a onde te dirixes. Alguén que asegure a existencia do lugar. Alguén que garanta a súa realidade e o teu posíbel regreso.

\*\*\*\*\*


## AUTOEUTANASIARSE

\*\*\*\*\*

Por moi bébeda que esteas ... lava sempre os dentes. (consello derradeiro da señora Claire á súa filla Jane).

\*\*\*\*\*





Cando volvín, a muller do camisón tan en desuso coma ela, continuaba a fregar a barriga fronte ao prato, aínda sen tocar.

\*\*\*\*\*

Descoñezo a moralidade que trae a cordura.

\*\*\*\*\*

Nas mans de Emilia ou de Tristán, Branca neves e mais a bruxa mantiñan unha durísima peleza. Ás veces a batalla cesa e xogan ao eterno non atoparse do “cucú, onde estás”. Supoño que iso será a tregua.

\*\*\*\*\*

Mentes quentes e calculadoras.

\*\*\*\*\*

A dor de costas levoume a camiñar ás catro patas. As catro patas ...á risa. A risa ...á beada. A beada ...á dor. E a dor ...de novo á cama.

\*\*\*\*\*

Avellar sen fotos. Sen tan sequera lembranzas.  
...Non serías a primeira.

\*\*\*\*\*

Hölderlin ... Hölderlin ... Hölderlin ...  
marabilloso Hölderlin ... Scardanelli ...Hölderlin  
... facéndote chorar mentres conduces.


\*\*\*\*\*

*Love letters from your heart.*  
*Love letters to your friends.*

\*\*\*\*\*

Por non ter mar puxéronlle de nome San  
Miguel do Piñeiro.  
...O meu máis sentido pésame.

\*\*\*\*\*



Porróns ... Amizades ... xoguetes .... Formar a túa propia familia, distinta á herdada.

\*\*\*\*\*

Vivir nun balneario mental supón o risco de escapáreste sen sabelo.

\*\*\*\*\*

En cada alancada existe a mesma dúbida.

\*\*\*\*\*

O Home ... O Home ... O Home ... O Home.  
Chave da estupidez da adolescencia. O Home ...  
O Home ... O Home ... O Home.

\*\*\*\*\*

Conmóveme ver como o meu o meu  
chiquirritín-tín-tín-tín di unha e outra vez  
“quero iso” sinalando co dedo índice ao ceo.

\*\*\*\*\*

A miña pelexa co libro a sangue de bolígrafo  
negro. Con esgazadura de foto, ademais  
doutros excesos- pode levar a quen non son eu  
a pensar en loucuras alleas.

\*\*\*\*\*

...Que todo canto ti toques faga “crac” nas túas mans...

...Que todo canto ti olles sexa un pór do sol a carón do mar...


\*\*\*\*\*

Isa —díxenlle—. Déitate a tomar raios de sol. Pecha os ollos e respira fondo. Verás como o sol invade o teu corpo.

Non podo —contestoume—. Teño mocos. (escribimos isto xuntas. Mais, ao chegarmos á palabra ‘mocos’, zorregoume e saíu correndo).

\*\*\*\*\*





Non volver ao punto de partida. Ou o que é o mesmo, non engadir unha resposta ás xa propostas.

\*\*\*\*\*

Manter, mentres removes a distancia os vermes que habitan baixo as pedras, unha conversa amigábel.

\*\*\*\*\*

HIPERTÉRRITA  
HIPERTERRITACIÓN

\*\*\*\*\*

A perda de memoria axúdache a despexar o nariz e o resto dos sentidos.

\*\*\*\*\*

O tedio élle ao ocio o que o amor aos amores que matan.

\*\*\*\*\*

Novo refrán chinés: Quen ociosa vive, échese de fastío.  
... Glazas.

\*\*\*\*\*

Autodisección cara á resolución de enigmas.

Enigma: Todo canto non é e habita no teu corpo. O teu corpo mesmo.

\*\*\*\*\*

Pensar é vivir, sen querelo, contra ti. Se pensase coas pernas, o suplicio sería máis levadeiro.


\*\*\*\*\*

EU ... EU ... EU ...EU.

... renxéndoche todo, absolutamente todo, no oído.

EU ... EU ... EU ...EU.

\*\*\*\*\*



“estúpido renacentista” ...“estúpido  
renacentista” ...

a insubstancialidade de G. lévame anos de  
vantaxe.

\*\*\*\*\*

O mau non é perder o tempo. O mau é perder o  
espazo.

\*\*\*\*\*

“HALOPERIDOL tiña tres gatos/que os facía  
bailar nun prato/e polas noites dáballes  
turrón./Que vivan os gatos de HALOPERIDOL”.

\*\*\*\*\*

Abrir preguntas non é máis que facer sangrar  
as feridas. Impoñerte un tratamento.

\*\*\*\*\*

reuníreste contigo mesma .... algún día ....  
contra o meu DESgusto.

\*\*\*\*\*

Supoño que, nunha voda, a mesa máis digna é  
a da cociña.

\*\*\*\*\*

Hai quen mata o tempo e hai quen trata de  
asasinalo.

\*\*\*\*\*


Os camiños do Señor son inesCRUTábeis”... ...  
Por que me renxerá sempre esta palabra? E a  
conta dela a frase enteira que arrastra?

\*\*\*\*\*

As grandes pallasas poden, mesmo, chegar a  
dar medo.

\*\*\*\*\*





Preocúpame o estado de saúde da miña  
cuñada. Asegura mercar “sombras de ollos”.

\*\*\*\*\*

Ideoloxización do sexo: trisexualidade da  
palabra.

\*\*\*\*\*

O TIC TAC do reloxo cae sobre o tempo coma  
unha lousa. Esmágo. Sepúltao entre as catro  
paredes de calquera cuarto.

\*\*\*\*\*

Nun patio de cemento sobreviven algunhas plantas.

\*\*\*\*\*

E como non me vou desacougar se até nos tanatorios hai cafetería?

\*\*\*\*\*

Xa ceei onte. Xa celebrei o Nadal o verán pasado.

\*\*\*\*\*

O humor negro das cancións relixiosas. Aínda que insuperábel, o tratamento que lles dan as monxas.


\*\*\*\*\*

NON ME APETECE ... Por fin atopei a desculpa que andaba buscando.

\*\*\*\*\*

Os mosquitos xogaban como tolos arredor da lámpada. Eramos dez a xantar. E nin sequera Mink, a araña, ficou compracida.

\*\*\*\*\*



Facendo unha fronte común ao xeito apache, vacas, tigres, leóns, xirafas e cebras miraban desafiante o horizonte. Un horizonte de cadros e raias azuis, amarelas e brancas.

A butaca, sempre cómoda, non fixo nada por evitalos. Pois sabía que, ao caer a noite, dunha losqueada serían derrotadas.

\*\*\*\*\*

Cumprindo o meu pacto coas cascudas, entrei no restaurante espaventando a clientela coma unha máis

\*\*\*\*\*

o espírito dun tigre zanfonea aos pés da cama.

Pecharei os

ollos e deixareime domesticar. As poutadas non serán máis dolorosas que as das noites pasadas.

.....

aínda me queda a vergoña de actuar como actuei. Non superada no resto das miñas 7 vidas.

.....

vergoña por vergoña e tiro porque che toca ... a vergoña.

.....


simpática palabra “vergoña” ... facendo equilibrios ao redor do “u”, ela, de sempre tan invertida.

\*\*\*\*\*

... no das gatas ou no das pelagatas ... Non sei  
en cal.

\*\*\*\*\*





*pirineo*





Anatomia da paisaxe

